

RESOLUCIÓN REITORAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA POLA QUE SE ESTABELECE O PROCEDEMENTO EXCEPCIONAL DE MATRÍCULA E O PROCEDEMENTO DE RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS NOS GRAOS EN ARQUITECTURA NAVAL E ENXEÑARÍA EN PROPULSIÓN E SERVIZOS DO BUQUE, PARA ENXEÑEIROS TÉCNICOS NAVAIS, NAS ESPECIALIDADES EN ESTRUTURAS MARIÑAS E EN PROPULSIÓN E SERVIZOS DO BUQUE

A Universidade da Coruña ten a intención de ofertar no curso académico 2012-2013 o “Mestrado Universitario en Enxeñaría Naval e Oceánica”, na actualidade no trámite de verificación. De acordo coa memoria do referido título, requirirase, para ser admitido, estar en posesión, entre outros, dos títulos universitarios de “Graduado en Arquitectura Naval” e “Graduado en Enxeñaría en Propulsión e Servizos do Buque”.

Consonte co exposto, a dirección da Escola Politécnica Superior desta universidade, centro responsable das titulacións “Grao en Arquitectura Naval” e “Grao en Enxeñaría en Propulsión e Servizos do Buque”, solicita da Reitoría da UDC que se estableza durante os anos académicos 2011-2012 e 2012-2013 un procedemento excepcional de matrícula no “Grao en Arquitectura Naval” e no “Grao en Enxeñaría en Propulsión e Servizos do Buque” e un procedemento de recoñecemento de créditos que permita aos titulados en Enxeñaría Técnica Naval, unha vez que superen os estudos de Grao, seren admitidos no “Mestrado Universitario en Enxeñaría Naval e Oceánica”.

De acordo co solicitado, **RESOLVO**:

Primeiro.- Os titulados Enxeñeiros Técnicos Navais, especialidade en Estruturas Mariñas pola UDC, que desexaren realizar o Grao en Arquitectura Naval, por este sistema, deberán matricularse das seguintes materias:

Código	Materias do Grao	Créditos	Curso	Cuadrimestre
730G01114	Electrotecnia	6	2	1
730G01115	Termodinámica Técnica	6	2	1
730G01116	Automatismos, Control e Electrónica	6	2	2
730G01120	Enxeñaría de Calidade e Medioambiente	6	2	1
730G01151	Traballo Fin de Grao (*)	12	4	2

(*) Para a súa defensa e avaliación deberanse cumprir os requisitos esixidos na normativa vixente.

Código	Materias da Enxeñaría Naval e Oceánica	Créditos	Curso	Cuadrimestre
730112502	Dinámica de Vehículos Mariños	6	5	2
730112601	Deseño Naval Asistido por Computador	4,5	3	1
730112620	Métodos de Cálculo Numérico	4,5	5	2

Segundo.- Os titulados Enxeñeiros Técnicos Navais, especialidade en Propulsión e Servizos do Buque pola UDC, que desexen realizar o Grao en Enxeñaría en Propulsión e Servizos do Buque, por este sistema, deberán matricularse das seguintes materias:

Código	Materias do Grao	Créditos	Curso	Cuadrimestre
730G02151	Traballo Fin de Grao (*)	12	4	2

(*) Para a súa defensa e avaliación deberanse cumprir os requisitos esixidos na normativa vixente.

Código	Materias da Enxeñaría Naval e Oceánica	Créditos	Curso	Cuadrimestre
730112502	Dinámica de Vehículos Mariños	6	5	2
730112301	Hidrostática e Estabilidade	6	3	1
730112408	Hidrodinámica, Resistencia e Propulsión Mariña	9	4	2
730112616	Estruturas Oceánicas	6	3	1
730112406	Transmisión de Calor	6	4	1

Terceiro.-

a) Prazos para matrícula: A matrícula formalizarase, de forma presencial, na Administración do Centro correspondente, durante os días 9 ao 13 de xaneiro de 2012, ambos inclusive.

b) Prazos para solicitar os recoñecementos: a solicitude de recoñecemento de créditos por superación das materias da Enxeñaría Naval e Oceánica, que constan nos puntos Primeiro e Segundo desta resolución e daquelas outras materias correspondentes ao título de Enxeñeiro Técnico Naval, de que están en posesión os alumnos, realizarase unha vez superadas todas as materias que deben cursar estes, de acordo con este procedemento excepcional e sempre de forma previa ás datas establecidas polo centro para a defensa do Traballo Fin de Grao en cada curso académico.

Aqueles alumnos que non superaran na súa totalidade as materias referidas, poderán solicitar os recoñecementos de créditos aos que teñan dereito pero non poderán defender o Traballo Fin de Grao nese curso académico.

Cuarto.-

Os prezos públicos por servizos académicos que deban pagar os alumnos serán aqueles que corresponder, de acordo co disposto nos decretos polos que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para os cursos 2011-2012 e 2012-2013.

Quinto.-

Para os efectos desta resolución, excepciónanse aos alumnos suxeitos a este procedemento, do cumprimento dos requisitos establecidos na Normativa de Xestión Académica da Universidade da Coruña, para o curso correspondente, relativo á matrícula do Traballo Fin de Grao nos títulos de Grao.


Sexto.-

Este procedemento excepcional será de aplicación aos titulados Enxeñeiros Técnicos Navais, especialidades en Estruturas Mariñas e en Propulsión e Servizos do Buque, pola Universidade da Coruña.

As solicitudes que realicen outros titulados por outras universidades, deberán ser analizadas pola comisión que corresponda, que determinará o procedemento de matrícula e de recoñecementos necesarios en cada caso, en función dos plans de estudos cursados.

A Coruña, 2 de decembro de 2012

O reitor



P.A. (R. R. 14 - 01 - 2008)
Concepción Herrero López
VICERREITORA DE INVESTIGACION

Asdo: José María Barja Pérez